



CONTRATACIÓN

PROCEDIMIENTO ABERTO MULTICRITERIO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA CONCESIÓN DE OBRA

***CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA ÁREA DE SERVIZO DE MASIDE NA AG-53, PQ 80,5, MARXE ESQUERDA (CON
ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES). TERMO MUNICIPAL DE MASIDE. PROVINCIA DE OURENSE
CONC210101***

SETEMBRO DE 2021



ÍNDICE

A. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS	4
B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.....	7
C. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES	11
1. INTRODUCCIÓN.....	11
2. RÉXIME XURÍDICO.....	11
2.1. Recursos Contratación	12
2.2. Réxime de Invalidez do Contrato.....	13
2.3. Xurisdición Competente	13
3. DISPOSICIÓNS XERAIS	14
3.1. Obxecto deste Prego	14
3.2. Documentación que se Facilitará aos Licitadores	15
3.3. Prazo da Concesión	15
3.4. Canon de Explotación.....	16
3.5. Ofertas: Normas Xerais	16
3.6. Uso de medios Electrónicos	18
4. REQUISITOS DE APTITUDE DOS LICITADORES.....	19
4.1. Capacidade e Representación	20
4.2. Solvencia.....	21
5. CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.....	22
5.1. Documentación Administrativa (Sobre A)	22
5.2. Documentación relativa á proposta técnica con valoración suxeita a xuízo de valor (sobre B)	23
5.3. Documentación Relativa á proposta avaliable con criterios obxectivos (sobre C).....	26
6. ADXUDICACIÓN	27
6.1. Mesa de Contratación	27
6.2. Apertura da Documentación Administrativa (sobre A)	27
6.3. Apertura da documentación relativa aos criterios con valoración suxeita a xuízo de valor (sobre B)	27
6.4. Apertura da documentación relativa á proposta avaliable con criterios obxectivos (sobre C)	28
6.5. Clasificación das Ofertas.....	28
6.6. Adjudicación do Contrato	31
6.7. Notificación da Adjudicación.	31
7. ACTUACIÓNS PREVIAS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.....	32
7.1. Sociedade Concesionaria.....	32
7.2. Garantía Definitiva.	33
7.3. Seguros.....	34
7.4. Documento de Formalización	36
8. DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO.....	37
8.1. Dereitos da Sociedade Concesionaria	37
8.2. Obrigacións da Sociedade Concesionaria	39
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO	45
9.1. Forma de execución.	45



9.2. Condicións especiais e esenciais do contrato	45
9.3. Principios éticos e regras de conduta.....	47
9.4. Protección de Datos	48
9.5. Redacción, aprobación do proxecto, replanteo e execución das obras.....	51
9.6. Control e inspección das obras.....	52
9.7. Modificacións dos Proxectos e das Obras	52
9.8. Gastos esixibles ao concesionario	52
9.9. Aproveitamento de Materiais, Mananciais e Obxectos Atopados durante a Execución dos Traballos	52
9.10. Libro de Incidencias	53
9.11. Reunións de Seguimento das Obras.....	53
9.12. Resolución de Diferencias durante as Obras.....	53
9.13. Autorización de Posta en Servizo	53
9.14. Explotación das Instalacións.....	54
9.15. Responsabilidade Patrimonial de SPI-Galicia	54
9.16. Penalidades	55
9.17. Adopción de medidas por parte de SPI Galicia	57
9.18. Causas de Resolución	58
ANEXO I) DECLARACIÓN RESPONSABLE	59
ANEXO II) MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA	62
ANEXO III) MODELO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA ESIXIDA NA SOLVENCIA TÉCNICA	63
ANEXO IV) MODELO DE ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO OU SOBRE B).....	64
ANEXO V) MODELO DE AVAL DEFINITIVO.....	65
ANEXO VI) ORIENTACIÓN PARA CUBRIR O DEUC.....	66
ANEXO VII) LISTA DE PRODUTOS MÍNIMOS DE CAFETERÍA	72



A. FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS

1. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) Rúa Avelino Pousa Antelo nº1. 2º. CP 15.707. Santiago de Compostela Tfno. 981.545.002 // Fax. 981.545.095. Web. http://www.spigalicia.es																						
2. REFERENCIA DO EXPEDIENTE:	CONC210101																						
3. NOMENCLATURA:	CPV: 45223710-6	CPA: 45.21																					
4. PROCEDIMENTO, FORMA E TRAMITACIÓN	<table border="0"> <tr> <td>4.1 Procedemento de contratación:</td> <td>Aberto ☒</td> <td>Simplificado ☐</td> <td>Negociado ☐</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td>Simp. sumario ☐</td> <td>Restrxinido ☐</td> </tr> <tr> <td>4.2 Regulación:</td> <td>Harmonizado ☒</td> <td>Non harmonizado ☐</td> <td></td> </tr> <tr> <td>4.3 Forma de adxudicación:</td> <td>Multicriterio ☒</td> <td>Unicriterio ☐</td> <td></td> </tr> <tr> <td>4.4 Tramitación do expediente:</td> <td>Ordinaria ☒</td> <td>Urxente ☐</td> <td></td> </tr> </table>			4.1 Procedemento de contratación:	Aberto ☒	Simplificado ☐	Negociado ☐			Simp. sumario ☐	Restrxinido ☐	4.2 Regulación:	Harmonizado ☒	Non harmonizado ☐		4.3 Forma de adxudicación:	Multicriterio ☒	Unicriterio ☐		4.4 Tramitación do expediente:	Ordinaria ☒	Urxente ☐	
4.1 Procedemento de contratación:	Aberto ☒	Simplificado ☐	Negociado ☐																				
		Simp. sumario ☐	Restrxinido ☐																				
4.2 Regulación:	Harmonizado ☒	Non harmonizado ☐																					
4.3 Forma de adxudicación:	Multicriterio ☒	Unicriterio ☐																					
4.4 Tramitación do expediente:	Ordinaria ☒	Urxente ☐																					
5. OBXECTO DO CONTRATO:	Concesión de Obra Construcción e Explotación da Área de Servizo de Maside na AG-53, Pq 80,5, Marxe Esquerda (con acceso dende as dúas marxes). Termo Municipal de Maside. Provincia de Ourense A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Forman parte do seu obxecto social a realización das actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo - A-52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, entre as que se inclúen as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcamentos e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do devandito tramo, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación desta. Este contrato ten por obxecto a construción e explotación dun área de servizo na autoestrada AG-53, á altura do pq 80,5 na súa marxe esquerda, en base ó anteproxecto "Instalacións de subministro e servizos entre os PKs 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) - Área de servizo", de clave OU/18/220.01, aprobado pola Axencia Galega de Infraestruturas mediante Resolución de 16 de outubro de 2020, tras ser sometido a información pública, a cal foi aprobada mediante Resolución do 17 de setembro de 2020, publicada no DOG de 2 de outubro de 2020.																						
6. DIVISIÓN EN LOTES:	NON A correcta execución do contrato non permite a división en lotes. A explotación independente dos diferentes servizos que comprende a explotación das instalacións podería xerar conflitos entre os diferentes contratistas e deficiencias na prestación do servizo ao usuario.																						
7. ADMISIÓN DE VARIANTES:	Si ☐ Non ☒																						
8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E DE INVERSIÓN (SEN IVE) (importes calculados no Anteproxecto de Licitación):	<table border="0"> <tr> <td>8.1 Valor estimado do contrato:</td> <td>360.127.376,00 € (art. 101.b de la LCSP)</td> </tr> <tr> <td>8.2 Importe estimado da inversión:</td> <td>2.497.695,11 €</td> </tr> </table>			8.1 Valor estimado do contrato:	360.127.376,00 € (art. 101.b de la LCSP)	8.2 Importe estimado da inversión:	2.497.695,11 €																
8.1 Valor estimado do contrato:	360.127.376,00 € (art. 101.b de la LCSP)																						
8.2 Importe estimado da inversión:	2.497.695,11 €																						
9. PRAZO DA CONCESIÓN:	<table border="0"> <tr> <td>9.1 Prazo da concesión:</td> <td>35 anos</td> </tr> <tr> <td>9.2 Prórrogas:</td> <td>O prazo será prorrogable só nas causas previstas nos artigos 270.3 e 278 da LCSP.</td> </tr> </table>			9.1 Prazo da concesión:	35 anos	9.2 Prórrogas:	O prazo será prorrogable só nas causas previstas nos artigos 270.3 e 278 da LCSP.																
9.1 Prazo da concesión:	35 anos																						
9.2 Prórrogas:	O prazo será prorrogable só nas causas previstas nos artigos 270.3 e 278 da LCSP.																						
10. CANON DE EXPLOTACIÓN:																							



10.1 Importe (mínimo anual): 50.000 € (ano 2021)

10.2 Pagamento: Anual

10.3 Revisión anual: O canon actualizarase anualmente segundo se establece neste Prego.

11. PROXECTO BASE:

Título: Anteproxecto de Obra e Explotación de Instalacións de subministro e servizos entre os Pq 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) – Área de Servizo. Clave: OU/18/220.01

Data de aprobación: 16/10/2020

12. INSTALACIÓNS MÍNIMAS NA ÁREA DE SERVIZO (detalladas no Anteproxecto e nas cláusulas de explotación):

- Aparcadoiros pavimentados e diferenciados para vehículos lixeiros e pesados
- Estación de recarga de fontes de enerxía para vehículos
- Abastecemento de auga
- Tenda de artigos xerais e produtos de automoción
- Servizos hixiénicos (aseos, sala de lactación e ducha para usuarios)
- Cafetería
- Servizos telefónicos e internet
- Iluminación pública, tanto na propia área como nos seus accesos dende a autoestrada.
- Zona de xogos infantís

Os licitantes poderán ampliar a superficie e número de calquera das instalacións mínimas, ou incorporar outras novas, respectando as limitacións establecidas no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en calquera outra lexislación vixente que resulte aplicable.

Igualmente admitiranse modificacións no deseño, tanto da urbanización como nas edificacións e instalacións descritas no anteproxecto, sempre que se xustifique expresamente que os ditos cambios non prexudican a explotación da AG-53 nin da propia área de servizo, e non se rebaixen as superficies mínimas aproveitables definidas no anteproxecto.

13. GARANTÍA PROVISIONAL: Non se esixe.

14. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN:

Son condicións especiais de execución as sinaladas no Prego de Cláusulas Administrativas.

15. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación realizarase a favor da empresa que obteña maior puntuación segundo os criterios expostos nos criterios de adxudicación establecidos no punto B deste prego.

16. SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA:

Deberá acreditarse de acordo co establecido no prego de condicións.

17. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS: 4 meses dende a publicación do anuncio de licitación no DOUE.

18. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS

Os licitadores interesados en tomar parte nesta contratación deberán presentar as súas ofertas a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) accesible na seguinte dirección www.conselleriadeconomia.es/silex.

O contido das proposicións axustarase ao disposto no prego de condicións.

Os arquivos electrónicos deberán nomearse do seguinte xeito: CONC210101_SOBRE-X_NOME, sendo X a identificación do sobre (A, B o C) e NOME unha única palabra que corresponderá coa máis representativa da denominación social do licitante, ou cun acrónimo da mesma, ou cun apelido e iniciais da persoa física, ou outra forma similar.

19. DATAS DE APERTURA DAS PROPOSTAS: Anunciaranse no perfil do contratante de SPI Galicia cunha antelación mínima de 1 semana.



20. PRAZO DE VALIDEZ DAS OFERTAS:

O prazo mínimo de validez das ofertas será de 4 meses dende a apertura das proposicións (artigo 158.2 da LCSP)

21. GARANTÍA DEFINITIVA: 124.884,76 € (5% do importe de inversión estimado)



B. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato, serán os seguintes:

- Criterios non avaliados mediante fórmulas (Proposta técnica P_T). Máximo 100 puntos, cun coeficiente de ponderación do 50 por 100.
- Criterios avaliados mediante fórmulas. (Proposta económica P_E). Máximo 100 puntos, cun coeficiente de ponderación do 50 por 100.

A puntuación global (P_G) de cada proposta determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$P_G = \frac{P_T \times 50 + P_E \times 50}{100}$$

A avaliación de cada un dos criterios xenéricos sinalados realizarase segundo o seguinte detalle:

- a) Criterios non avaliados mediante fórmulas ata 100 puntos.

Neste apartado valoraranse os seguintes criterios:

- 1) Proxecto de construción ata 40 puntos
- 2) Contía de tarifas e servizos ata 10 puntos
- 3) Plan de execución das obras ata 10 puntos
- 4) Actuacións medioambientais ata 10 puntos
- 5) Calidade e control das obras ata 10 puntos
- 6) Medidas para o impulso demográfico ata 20 puntos

Será causa de exclusión do procedemento o incumprimento de algún dos requisitos establecidos nas cláusulas de explotación que forman parte da documentación da licitación do contrato.

Ademais, as ofertas que obteñan unha puntuación total nos criterios non avaliados mediante fórmulas inferior a 40 puntos serán consideradas non viábles e non serán tomadas en consideración, quedando excluídas nesta fase. No caso de non existir ofertas de calidade técnica suficiente procederase a declarar deserta a licitación.

1) Proxecto(s) de construción/instalacións.

Valorarase o detalle e precisión do(s) proxecto(s) presentados, incluíndo obra civil, edificación e instalacións, en particular da calidade do proxecto e instalacións, e das súas condicións de explotación, dende o punto de vista funcional e de adaptación as circunstancias locais e sociais.

Terase en conta a oferta de servizos ós usuarios. A falla dalgún dos servizos básicos penalizará a proposta, sen menoscabo de que o mesmo deberá ser realizado no caso de resultar adxudicatario do contrato. A oferta adicional e opcional de outros servizos ou o incremento da cantidade ou calidade dos mínimos establecidos suporán unha valoración adicional da oferta, sen que en ningún caso este apartado poda superar a puntuación máxima fixada.

2) Tarifas e servizos.

A puntuación deste apartado terá en conta os compromisos sobre as tarifas dos produtos e servizos máis habituais (como mínimo os indicados en anexo a este prego).

Dentro deste apartado valorarase tamén o incremento de servizos e produtos dispoñíbles na área de servizo, así como o emprego dos produtos ou técnicas máis ecolóxicas.



3) Plan de execución das obras.

Valoraranse as características do programa de obras e de execución destas, coas datas de inicio e remate daquelas e de posta en servizo das instalacións. Terase en conta o adianto na data de posta en servizo prevista, sempre que a previsión se xustifique adecuadamente.

4) Actuacións medioambientais

Valorarase a proposta de medidas de xestión ambiental que se terán en conta durante a concesión obxecto do contrato, con inclusión dos procedementos de certificación ambiental a aplicar durante a mesma. Especialmente valorarase a identificación de procesos que poden xerar impactos, así como das súas medidas correctoras ou compensatorias.

5) Calidade e Control das obras

Valorarase tanto a calidade a obter como os controis de calidade que o licitador propoña durante execución do contrato, tanto na fase de construción como na de explotación, con inclusión dos procedementos de certificación de calidade a aplicar durante a mesma

6) Medidas para o impulso demográfico

O licitador presentará unha memoria onde se recollan todas as medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral así como en materia de corresponsabilidade que serán aplicables para o persoal que interveña na execución do contrato.

A dita memoria recollerá as medidas específicas para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato que se articularán en torno aos seguintes eixos e coa seguinte puntuación:

- Medidas de flexibilidade espacial ata 6 puntos
- Medidas de flexibilidade temporal ata 6 puntos
- Melloras dos permisos legalmente establecidos ata 4 puntos
- Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares ata 4 puntos

b) Criterios avaliados mediante fórmulas ata 100 puntos

Neste apartado valoraranse os seguintes criterios:

- 1) Canon de explotación ata 80 puntos
- 2) Responsabilidade patrimonial de SPI Galicia, SA ata 10 puntos
- 3) Horas diarias de atención ó público na repostaxe ata 6 puntos
- 4) Horas diarias de atención ó público na cafetería ata 4 puntos

As ofertas cuxo canon de explotación sexa inferior ó mínimo indicado na folla de especificacións, ou que oferten un número de horas diarias de atención ó público inferior ó mínimo (16) serán excluídas da licitación.

1) Canon de explotación

A cantidade anual que se compromete a aboar á SPI Galicia o licitador en concepto de canon, que será como mínimo a indicada na folla de especificacións. Outorgarase a máxima puntuación á proposta que oferte o canon anual máis alto e cero puntos ás propostas dun canon inferior ou igual ao 50% do máis alto, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas.

2) Responsabilidade patrimonial da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA



Porcentaxe de redución da responsabilidade patrimonial de SPI Galicia respecto da máxima establecida no prego de condicións. Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que propoñan unha maior redución na cantidade límite establecida no prego de condicións como responsabilidade patrimonial de SPI Galicia e cero puntos ás propostas que non oferten redución, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas.

No caso de que a proposta de calquera licitante conteña una redución da responsabilidade patrimonial superior ao 50%, e ademais a dita redución sexa igual ou superior á media das reducións realizadas polos restantes licitantes máis un 25%, a dita redución será valorada con cero puntos, sen que por elo se descarte a oferta nin se deixe de aplicar a redución ofertada no contrato a asinar, no caso de resultar adxudicatario ese licitante.

3) Horas diarias de atención ó público na repostaxe

O horario mínimo de atención ó público na repostaxe é de 16 horas diarias (entre as 7 e as 23 horas). Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que amplíen o horario de subministración de combustible ás 24 horas, e cero puntos ás ofertas que propoñan o número mínimo de horas, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas.

A ampliación do horario sobre o mínimo poderá ser con servizo automático.

4) Horas diarias de atención ó público na cafetería

O horario mínimo de atención ó público na cafetería é de 16 horas diarias (entre as 7 e as 23 horas). Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que amplíen o horario de apertura da cafeterías ás 24 horas, e cero puntos ás ofertas que propoñan o número mínimo de horas de atención ó público, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas.

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación e en aplicación de o establecido no artigo 147 da LCSP, prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, segundo a seguinte orde de preferencia:

- En primeiro lugar: Aquela empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores superior ao 2% nos termos do artigo 147.1 a) da LCSP así como no previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro. Se hai varias empresas licitadoras empatadas na anterior situación, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña da maior porcentaxe daqueles traballadores fixos no seu cadro de persoal.
- En segundo lugar: As empresas, que ao vencemento do prazo de presentación de ofertas inclúan medidas de carácter social e laboral que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o que se poderá acreditar por algún destes medios (artigo 147.1 e LCSP):
 - ♦ Certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 67 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou equivalente.
 - ♦ Acreditación da Marca Galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.



No caso de que unha vez aplicados os devanditos criterios de desempate existisen dous ou máis ofertas con idéntica puntuación que acrediten o especificado nos parágrafos anteriores, a adxudicación determinarase acudindo á puntuación conseguida de acordo con cada un dos criterios da adxudicación pola súa orde.

Se, a pesar de todo, persiste a igualdade, a mellor oferta será seleccionada en acto público mediante sorteo.



C. PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

1. INTRODUCCIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., (SPI) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A sociedade ten por obxecto proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmoables, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios da contratación administrativa.

Pola súa condición de Sociedade Pública Autonómica e en razón do seu obxecto social encádrase como poder adjudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.b do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel incluíranse tódolos datos e información relativos á presente licitación, incluído o presente Prego de Cláusulas Administrativas.

2. RÉXIME XURÍDICO

Este Contrato encaixa na tipoloxía de "Contrato de concesión de obras" prevista no artigo 14 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 / UE e 2014/24 / UE, do 26 de febreiro de 2014 (" LCSP").



O presente Contrato atópase sometido ás disposicións da LCSP aplicables aos poderes adxudicadores que non teñen o carácter de Administración Pública, en virtude do disposto no artigo 3 da LCSP e os artigos 316 a 320 da LCSP

De acordo co seu obxecto e o seu importe, atópase suxeito a regulación harmonizada. Por tanto a preparación e adxudicación do contrato obxecto da presente licitación quedará suxeita ao previsto no artigo 317 da LCSP e nas seccións primeira e segunda do Capítulo I do Título I do Libro II da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento da antiga LCSP (Lei 30/2007, do 30 de outubro) e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en todo aquilo que non se opoña á nova LCSP.

No referente a execución material das obras son preceptivas as normas estatais e autonómicas que regulan a execución de obras en Galicia.

A concesión da área de servizo regulada no presente prego implica a ocupación do dominio público integrante da área de servizo por parte do concesionario e non suporá en ningún caso a cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Xunta de Galicia. A dita ocupación rexeráse polo disposto na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, na lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e na lexislación sectorial de estradas.

2.1. RECURSOS CONTRATACIÓN

Os contratos de concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado sexa superior a 3 millóns de euros serán susceptibles do recurso especial en materia de contratación regulado nos artigos 44 e seguintes da LCSP, con carácter potestativo, respecto de os seguintes actos:

- a) os anuncios de licitación, os pregos reguladores da presente licitación e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación;
- b) os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes últimos decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerárase que concorren estas circunstancias anteriores nos actos da Mesa ou Órgano de Contratación polos que acorde a admisión ou inadmisión de licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP;
- c) os acordos de adxudicación
- d) as modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación tivese que ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos nos que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Con carácter xeral non se admitirá o recurso contra o presente Prego de Condicións e demais documentación integrante como documentación contractual se o recorrente, con carácter previo a súa interposición presentase oferta, sen prexuízo do previsto polos supostos de nulidade de pleno dereito.

Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos aos contemplados no presente apartado poderán ser postos de manifesto polos interesados para os efectos da súa corrección de acordo a dereito, e sen prexuízo de



que as irregularidades que lles afecten poidan ser alegadas polos interesados no suposto de recorrer o acto de adxudicación.

O recurso poderá interpoñerse polas persoas físicas e xurídicas, se os dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se viran prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, e en todo caso polos licitadores.

Estarán tamén lexitimadas as organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións recurribles se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato se incumpran polo empresario as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso entenderase lexitimada a organización empresarial representativa dos intereses afectados.

O procedemento de tramitación e resolución do recurso especial rexerase polo disposto nos artigos 49 a 59 da LCSP.

Ao amparo do disposto no artigo 46 da LCSP, o órgano competente para o coñecemento e a resolución dos recursos especiais en materia de contratación, a adopción de decisións sobre solicitudes de medidas provisionais e a tramitación do procedemento e a resolución de reclamacións e cuestións de nulidade nos supostos especiais establecidos corresponde ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia creado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, modificada pola Disposición Adicional Segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. Para iso, utilizaranse os formularios normalizados aprobados para empregar nos mencionados procedementos de impugnación ante o citado Tribunal Administrativo de Contratación Pública, por Resolución do 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 62, do 28 de marzo de 2018).

Cando o contrato non reúna os requisitos do artigo 44.1 da LCSP, para os efectos de interposición de recurso especial, os actos que se diten poderán impugnarse en vía administrativa de conformidade co disposto, na Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, á que está adscrita SPI Galicia, S.A., de acordo co previsto no artigo 44.6 da LCSP.

2.2. RÉXIME DE INVALIDEZ DO CONTRATO

O contrato está sometido ao réxime xeral de invalidez previsto nos artigos 38 a 43 da LCSP aplicables aos poderes adxudicadores.

2.3. XURISDICIÓN COMPETENTE

De acordo co artigo 27.1 c) da LCSP a orde xurisdiccional contenciosa-administrativo será a competente para o coñecemento e resolución das cuestións que se susciten en relación á preparación, adxudicación e modificacións contractuais, cando a impugnación destas últimas baséese no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP cando se entenda que a dita modificación tivese que ser obxecto dunha nova adxudicación do contrato obxecto desta licitación, así como dos recursos que se interpoñan contra as resolucións que se diten polo órgano competente para resolver recursos especiais en materia de contratación.

A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as controversias entre as partes en relación para os efectos e extinción do contrato obxecto desta licitación, fóra das modificacións contractuais mencionadas, de



acordo co previsto no artigo 27.2.a) da LCSP. As partes someteranse expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

3. DISPOSICIÓNS XERAIS

3.1. OBXECTO DESTE PREGO

O obxecto deste Prego de Bases é a regulamentación da licitación polo Procedemento Aberto Multicriterio, suxeito a Regulación Harmonizada, do contrato de Concesión de Obra para a Construcción e Explotación da Área de Servizo de Maside na AG-53, PQ 80,5, Marxe Esquerda (con acceso dende as dúas marxes). Termo Municipal de Maside. Provincia de Ourense, para súa adxudicación, por parte da empresa Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia), segundo as características sinaladas na folla de especificacións da licitación.

O contrato de concesión de obras ademais do establecido no artigo 14 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en diante LCSP, comprenderá necesariamente, durante todo o termo de vixencia do mesmo, as obras de construción que, conforme ao artigo 232 da LCSP, cualifícanse, de primeiro establecemento, de reforma, de gran reparación; de reparación simple; de conservación e mantemento; demolición, así como a explotación das instalacións.

O código da nomenclatura da Clasificación Nacional de produtos por Actividades 2008 (CPA 2008) correspondente ó obxecto do contrato, así coma o código relativo á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, serán os sinalados na folla de especificacións.

Dado que SPI Galicia carece de proxecto de Construción da área de Servizo e que, polo tanto, non conta cunha solución totalmente predeterminada para a execución daquela, a finalidade do presente procedemento inclúe que cada licitador presente unha proposición, co respectivo Proxecto e demais documentos que a definan, e en que, ao tempo, poida dispoñer da correspondente oferta económica relativa á execución da mencionada Área e a súa explotación. Todo iso para tratar de lograr, mediante a elección do compendio "solución / oferta económica" máis favorable para o interese público, a mellor concepción posible da obra

Cada licitador poderá estudar, redactar e presentar ó concurso, unha única proposición cunha única solución, (co seu Proxecto e demais documentos definidores do mesmo) e a súa correspondente oferta.

Os requisitos e instrucións que os licitadores deberán seguir para cumprir as súas solucións e para redactar o proxecto correspondente, veñen especificados neste Prego e na restante documentación técnica.

O obxecto do contrato será a concesión, incluíndo a construción e explotación correspondentes das instalacións da área de Servizo, segundo a solución (co seu Proxecto e cos demais documentos definidores da mesma) que SPI Galicia considere máis vantaxosa para o interese público, de entre todas as presentadas a esta licitación.

O presente Prego de Condicións, a Folla de Especificacións, o Prego de cláusulas de explotación e calquera outra documentación que se xunte na licitación terán carácter contractual. Igualmente, a oferta presentada polo contratista adxudicatario, en aquilo que concrete ou mellore as condicións da licitación, incluído o programa de traballos, terá carácter contractual.



Por todo isto, os ditos documentos deberán ser asinados polo adxudicatario, como proba de conformidade, no acto de formalización do contrato.

3.2. DOCUMENTACIÓN QUE SE FACILITARÁ AOS LICITADORES

Dende a data de publicación do anuncio no perfil do contratante de SPI Galicia (www.spigalicia.es) e na plataforma de contratación da Xunta de Galicia, as empresas ou persoas físicas interesadas terán ó seu dispor a documentación técnica e xurídica pola que se rexerá a licitación, adxudicación e execución do presente contrato en ditos portais. A devandita documentación será a seguinte:

- Folla de especificacións
- Prego de Condicións
- Prego de Cláusulas de Explotación
- Anteproxecto de obra.

O custe de calquera copia da expresada documentación será por conta dos licitadores.

Aparte de outros medios de comunicación nos que se decida publicar ó anuncio de licitación, no perfil de contratante publicárase tamén as datas das aperturas públicas e as súas posibles modificacións, as diferentes aperturas feitas pola Mesa de Contratación coas súas incidencias, a adxudicación definitiva e calquera outro dato e información referente ó presente contrato.

3.3. PRAZO DA CONCESIÓN

O prazo do presente contrato será o indicado na folla de especificacións, calculado no anteproxecto de construción e explotación como o razoable para que o concesionario recupere as inversións realizadas xunto con un rendemento sobre o capital invertido.

Este prazo comezará a contar dende a data da formalización do contrato, e solo poderá ser ampliado segundo o establecido no artigo 270 da LCSP, sen superar en ningún caso o prazo máximo de 40 anos.

Non se terán en conta a efectos do cómputo do prazo de duración da concesión e do establecido para a execución das obras, aqueles períodos nos que estas deban suspenderse por causa imputable á SPI Galicia ou debida a forza maior. Si o concesionario fora responsable do retraso na execución das obras estarase ó disposto no réxime de penalidades deste prego, sen que se amplíe o prazo da concesión.

Cando ó vencemento do contrato non se formalizase un novo contrato que garanta a continuidade da prestación como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove (9) meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara cunha antelación mínima de tres (3) meses á data de finalización do contrato orixinario.



3.4. CANON DE EXPLOTACIÓN

O concesionario virá obrigado ao abono a SPI Galicia do canon anual que se comprometa a satisfacer na súa proposición, o cal non poderá ser inferior ao mínimo indicado na folla de especificacións. Este canon queda vinculado ao ano indicado na folla de especificacións.

O importe deste canon fixarase anualmente tendo en conta o canon inicial ofertado polo adxudicatario do contrato e a relación entre o importe dos ingresos brutos xerados no ano de maior importe ata o anterior, e os ingresos brutos producidos no primeiro ano completo de explotación da área de servizo.

$$C_n = C_0 \times \frac{I_{max}}{I_1}$$

- C_0 = canon de explotación ofertado polo adxudicatario do contrato.
- C_n = canon de explotación non ano n.
- I_{max} = ingresos anuais brutos xerados ata o ano n-1, no ano de maiores ingresos.
- I_1 = ingresos brutos no primeiro ano completo de explotación da área de servizo.

Polo tanto, ata que non transcorran dous anos completos en funcionamento da área de servizo, o canon non sufrirá variación respecto do ofertado polo adxudicatario.

3.5. OFERTAS: NORMAS XERAIS

- Dende a data de envío do anuncio da licitación ó DOUE, darase un prazo para a presentación das correspondentes ofertas que non será inferior a 30 días. O dito prazo sinalarase na folla de especificacións, e terás en conta a complexidade das ofertas a presentar
- As ofertas poderanse presentar ata as 14:00 horas do día que se indique nos anuncios de licitación e no perfil de Contratante de SP Galicia. A presentación das ofertas farase electronicamente.
- Todos os licitadores deberán sinalar no momento de presentar as súas ofertas un domicilio, un teléfono e unha dirección de correo electrónico habilitada para as notificacións, comunicacións e relacións que en xeral se deriven da licitación ou que de calquera xeito poidan afectar o licitador.
- O prazo de validez das ofertas estará suxeito ao establecido no artigo 158 da LCSP salvo que na Folla de Especificacións se establecera outro prazo para efectuar a adxudicación do contrato.
- As ofertas constarán dos sobres A, B e C asinados electronicamente polo licitador en caso de ser persoa natural, ou pola persoa que o represente, en caso de ser persoa xurídica.
- As ofertas presentaranse escritas a máquina ou noutros tipos de impresión mecánica ou informática e non se aceptará ningún documento manuscrito nin con omisións, erros ou emendas que non permitan coñecer claramente as condicións para valorar a oferta.
- O Órgano de Contratación non poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial no momento de presentar a súa oferta. Os documentos e os datos presentados polos licitadores poden considerarse de carácter confidencial se inclúen segredos industriais, técnicos ou comerciais e/ou dereitos de propiedade intelectual, e cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos e/ou prexudicar a competencia leal entre as empresas do sector; ou ben cando o seu tratamento poida ser contrario ás previsións da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, ou calquera outra información o contido poida ser utilizado para falsear a competencia, xa sexa neste procedemento de contratación ou noutros posteriores.



- No seu caso, os licitadores deben presentar unha declaración de confidencialidade, dentro do sobre que conteña a información considerada como confidencial, que debe ser necesaria e proporcional coa finalidade ou interese que se quere protexer e determinará de forma expresa e xustificada os documentos e/ou os datos facilitados que consideren confidenciais. Non se admiten declaracións xenéricas ou non xustificadas do carácter confidencial.
- Sen prexuízo da declaración de confidencialidade dos licitadores, ante unha petición de información corresponde ao Órgano de Contratación valorar se esta cualificación é correcta, de acordo cos principios de publicidade e de transparencia, e corríxila no seu caso, previa audiencia dos licitadores.
- En ningún caso teñen carácter confidencial a proposta cuantificable con criterios obxectivos contida no sobre C nin os datos contidos no Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) que constan en rexistros públicos.
- No caso de que o licitador teña vínculos privilexiados por conflito de intereses, persoais, familiares, profesionais, económicos, políticos ou calquera outros con membros do Órgano de Contratación, directivos, mandos, cargos administrativos ou empregados de SPI Galicia, deberá indicalo no DEUC coa concreción destes vínculos.
- Cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Xunta de Galicia, ou conste nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, un sistema de almacenamento electrónico de documentos, e estes sexan accesibles de forma gratuíta por SPI Galicia, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outras probas documentais dos datos rexistrados nos devanditos rexistros.
- Se o a folla de especificacións prevé a posibilidade de presentar variantes por parte dos licitadores, estas admitiranse nos termos e co alcance previstos no documento outras especificidades técnicas particulares que forma parte da documentación facilitada aos licitadores; e a condición de que estean adecuadamente especificadas.
- Ningún licitador poderá presentar máis dunha oferta nin subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. En caso de facelo será causa da non admisión de todas as propostas subscritas por este.
- Non serán admitidas, en ningún caso, as ofertas daquelas persoas ás que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 71 da LCSP.
- O Órgano de Contratación tomará as medidas necesarias para garantir que a participación na licitación das empresas que participasen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato ou asesorasen ao Órgano de Contratación durante a preparación do procedemento de contratación, non falsea a competencia.
- Entre as medidas para garantir a participación atópase a comunicación ao resto de licitadores da información intercambiada no marco da participación na preparación do procedemento de contratación ou como resultado dela e o establecemento de prazos adecuados para a presentación de ofertas.
- Non obstante o anterior, cando non haxa ningún outro medio para garantir o cumprimento do principio de igualdade de trato non serán admitidas as ofertas presentadas polos licitadores no suposto antes mencionado.
- En todo caso, e antes de proceder á exclusión do licitador que participase na preparación do contrato, outorgaráselle un prazo de audiencia para que xustifique que a súa participación na fase preparatoria non



pode ter o efecto de falsear a competencia ou de dispensar un trato privilexiado con respecto ao resto de licitadores.

- As ofertas serán secretas e deberán axustarse ao previsto neste Prego. A presentación de proposicións implica a aceptación incondicionada polos licitadores do contido do Prego e das condicións da citada documentación, sen excepción nin reserva, así como a autorización á Mesa de Contratación e Órgano de Contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Xunta ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.
- Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá.

Se durante a tramitación do presente procedemento e antes da formalización do contrato se producise a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión, transmisión do seu patrimonio empresarial ou dunha rama de actividade, sucederaa na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación, cando esta sexa esixible, nas condicións esixidas no presente Prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

3.6. USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS

De acordo coas Disposicións Adicionais décimo quinta e décimo sexta da LCSP, o conxunto de trámites, actuacións e comunicacións que se fagan durante o procedemento de contratación que se licita, entre os licitadores e contratistas e SPI Galicia, realizaranse por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, e dirixiranse á dirección de correo electrónico que a empresa indicase para o efecto.

O contrato licitarase no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), cuxo uso será obrigatorio para o licitador e para a presentación de ofertas, o envío e recepción de documentos.

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010 (DOG nº 169, do 2 de setembro).

Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

→ Requisitos dos licitadores:

- ✓ Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola Consellería de Facenda. A relación dos certificados admitidos pódense consultar en .:

<http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificadoselectronicos-admitidos>.

- ✓ Se a documentación que se presente fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte do órgano de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou devandito documento. Na súa falta a documentación presentada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto en .:

☞ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

☞ Capítulo VII do Decreto 198/2010, do 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.



→ Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e firma dixital de ofertas:

- ✓ Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadeconomia.es/silex
- ✓ A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.
- ✓ Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
- ✓ Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de firma “PDF/PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta firma dos documentos en formato PAdES, a Administración poñerá a disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a firma dos documentos pdf de acordo co estándar de firma PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar desde a páxina principal do SILEX.
- ✓ As proposicións deberán presentarse electronicamente a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia ata as 14:00 h. do último día do prazo sinalado como límite para a súa presentación na folla de especificacións. Non se admitirán ofertas que non sexan presentadas a través dos medios electrónicos descritos.
- ✓ A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, para os únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.
- ✓ O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. Para ese efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.
- ✓ As ofertas enviaranse libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura e será responsabilidade dos licitadores velar por que isto así sexa. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

4. REQUISITOS DE APTITUDE DOS LICITADORES

Están facultadas para participar nesta licitación as persoas xurídicas ou naturais españolas ou estranxeiras con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, de acordo co previsto no artigo 65 da LCSP.

- O adxudicatario deberá ter contratada unha póliza de Danos Materiais cunhas sumas aseguradas do 100% do continente, do contenido e das existencias. As coberturas de referencia deberán ser: todo risco danos materiais, robo, danos eléctricos, danos estéticos, equipos electrónicos, avaría de maquinaria, lucro cesante. SPI Galicia deberá figurar como beneficiario
- Durante toda a fase de explotación o adxudicatario deberá ter contratada unha cobertura de Responsabilidade Medioambiental cun límite mínimo de 3.000.000 € por sinistro e ano. As coberturas básicas a incluír deberán ser:
 - R. Medioambiental segundo a Lei (Reparación Primaria, Complementaria, Compensatoria, Gastos de Evitación e Gastos de Prevención).
 - RC por Contaminación Accidental e Gradual.
 - Gastos de limpeza en instalacións de terceiros, gradual.
 - Gastos de limpeza en instalacións propias, accidental (120 horas) e gradual.
 - Gatos de reposición.
 - Defensa e Fianzas.
 - Se o adxudicatario fora responsable do transporte de carburante, da súa carga e descarta, a póliza deberá incluír a cobertura de transportes.

A vixencia destes contratos de seguros deberá acreditarse mediante a presentación das pólizas ou, no seu defecto, de certificados acreditativos emitidos pola Compañía Aseguradora. Os seguros deberá estar vixentes durante toda a duración desta fase.

Admitiranse as exclusións de riscos e franquías normalmente aceptadas polos usos mercantís neste tipo de seguros.

7.3.3. ACCIDENTES.

Ademais o adxudicatario contratará un seguro colectivo de accidentes durante a execución do contrato que cubra aos traballadores propios da empresa e será polas cantidades e coberturas estipuladas no seu convenio de aplicación.

En caso de incumprimento de calquera destes termos, o contratista será plena e integramente responsable dos riscos non asegurados, e SPI Galicia poderá subscribir directamente o oportuno contrato de seguro e repercutir a prima ou primas correspondentes ó contratista e está facultada para facturar o que xere esta repercusión.

Poderase cumprir esta condición mediante a extensión ao presente contrato dunha póliza aberta ou programa a todo risco de construción que xa tivese concertada a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada indicada, e así se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

7.4. DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato.



Cando o adxudicatario sexa unha sociedade concesionaria creada para este contrato, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á firma do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso poderanse incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser subscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, e os gastos derivados do seu outorgamento serán pola súa conta.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se pode formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a SPI Galicia esixiralle o importe do 3 % do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalización, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do disposto no artigo 71.2.b) da LCSP en materia de prohibicións para contratar. Neste caso adxudicarase ao seguinte licitador pola orde no que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Se as causas de non formalización foren imputables á SPI Galicia, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar.

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, conforme ao artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen que se interpusera recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato, requiriráselle ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a 5 días contados desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento.

Se o contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización efectuarase non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

Ao contrato que se formalice uniranse, como anexos, un exemplar deste prego de condicións (folla de especificación, prego de cláusulas administrativas particulares e prego de cláusulas de explotación), o resumo do proxecto presentado polo adxudicatario e o compromiso de formalización dos correspondentes contratos de seguros.

De conformidade co establecido no artigo 154 da LCSP, a formalización dos contratos deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación. Cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada, o anuncio de formalización deberá publicarse, ademais, no DOUE.

8. DEREITOS E OBRIGACIÓNS DO CONCESIONARIO

8.1. DEREITOS DA SOCIEDADE CONCESIONARIA

Na execución do contrato, o concesionario terá os seguintes dereitos:



8.1.1. DEREITO A EXPLOTAR A ÁREA DE SERVIZO E Á CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA

O concesionario terá dereito a explotar a instalación e a percibir as retribucións económicas provenientes dos usuarios a consecuencia da explotación da área de servizo, establecidas no presente prego de condicións e regulamento do servizo aprobado, polo que o risco de demanda, dispoñibilidade e explotación, tamén serán asumidos polo concesionario.

8.1.2. DEREITO A MANTER O EQUILIBRIO ECONÓMICO – FINANCEIRO

De conformidade co establecido no artigo 270 da LCSP e no presente Prego, o concesionario terá dereito ao mantemento do equilibrio económico – financeiro do contrato e deberanse adoptar as medidas que en cada caso procedan segundo o establecido.

8.1.3. CESIÓN DO CONTRATO

O concesionario ten o dereito a ceder a concesión de acordo co artigo 214 da LCSP, previa autorización do órgano de contratación.

8.1.4. HIPOTECA DO CONTRATO

O concesionario ten dereito a hipotecar a concesión conforme ás condicións previstas no artigo 257 letra e) e os artigos 273, 274, 275 e 276 da LCSP, previa autorización do órgano de contratación e exclusivamente en garantías de débedas que garden relación coa concesión.

8.1.5. SUBCONTRATACIÓN

A subcontratación será posible nos casos e cos requisitos previstos nos artigos 215, 216 e 217 da LCSP e demais normativa vixente.

Se o concesionario, cumprindo en todo caso as condicións e requisitos establecidos no presente Prego e na LCSP, subcontratase algunha prestación do presente contrato, os subcontratistas quedarán obrigados so ante a sociedade concesionaria, quen asumirá a total responsabilidade da execución das obras e explotación dos servizos fronte a SPI Galicia.

8.1.6. DEREITOS DE CRÉDITO

O concesionario terá dereito a incorporar a títulos negociables os seus dereitos de crédito, nos termos previstos no artigo 257 letra f) e 272 da LCSP.

8.1.7. BENS DE DOMINIO PÚBLICO

O concesionario terá dereito a utilizar os bens de dominio público necesarios para a construción, modificación, conservación e explotación das obras da área de servizo e das vías de acceso, obxecto da concesión.



Dito dereito incluírá o de utilizar, exclusivamente para a construción das obras, as augas que afloren ou os materiais que aparezan durante a súa execución, previa autorización de SPI Galicia.

Dende a sinatura do contrato, o concesionario farase cargo da conservación e explotación dos bens de dominio público postos a súa disposición, debendo adoptar as medidas precisas para garantir a dispoñibilidade das instalacións da área de servizo e vías de acceso obxecto da concesión nos termos establecidos na documentación contractual.

8.1.8. DEREITOS RECOÑECIDOS NA LCSP

Ademais dos dereitos recoñecidos na presenta cláusula, o concesionario terá dereito a calquera outros que sexan recoñecidos neste Prego e na LCSP.

8.2. OBRIGACIÓNS DA SOCIEDADE CONCESIONARIA

Na execución do contrato, entenderase como obrigacións xerais do concesionario as seguintes:

8.2.1. ASUNCIÓN DE RISCOS

O contratista asume o risco operativo da execución do contrato.

O concesionario asumirá os riscos e responsabilidades que se deriven da: redacción de proxectos, obtención dos permisos precisos para a execución das obras, execución, construción, conservación, mantemento e explotación das instalacións da Área de Servizo indicadas neste prego e nos documentos que redactase o adxudicatario na súa proposición.

En particular, o concesionario asume:

- Todos os riscos derivados da redacción dos proxectos, así como o risco operativo e tecnolóxico na construción e explotación da obra.
- Risco operacional na explotación das instalacións construídas, abarcando o risco de demanda e de subministro. Enténdese por risco operacional de demanda o que se debe a demanda real das obras ou servizos obxecto do contrato, en particular o risco de que a prestación dos servizos non se axuste á demanda.
- Risco operacional da súa xestión e das responsabilidades de toda índole que se deriven da redacción do proxecto de construción, da construción das obras e instalacións, das obras de reposición e gran reparación, da conservación, financiación e explotación da instalación.
- Risco de dispoñibilidade do servizo.
- Riscos derivados das condicións de financiación.

En definitiva, o concesionario asumirá todos os costes que impliquen que a área de servizo se atope nun estado adecuado e cumpra coa súa funcionalidade en condicións de seguridade.

En particular, e con carácter meramente enunciativo, non se derivarán en ningún caso responsabilidades para SPI Galicia respecto aos resultados da explotación, aínda que o concesionario terá dereito o mantemento do equilibrio económico do contrato nos termos previstos na LCSP y no presente Prego.



8.2.2. EXECUCIÓN DAS OBRAS

O concesionario executará as obras conforme ao proxecto aprobado pola Axencia Galega de Infraestruturas, o disposto nos Pregos e o contrato de concesión, e conforme ás instrucións dadas por a Inspección no exercicio das súas competencias, cumprindo co prazo ofertado para a terminación das obras e posta en servizo.

O concesionario é o único responsable da execución e conservación das obras do presente contrato e dos defectos que nelas se puideran advertir, sen que exima de responsabilidade a circunstancia de que a Inspección examinase e recoñecese os materiais empregados na obra durante a construción, nin que as distintas partes da obra se inclúisen nas relacións valoradas.

O concesionario estará obrigado a cumprir durante a execución das obras toda a normativa vixente.

8.2.3. PAGO DO CANON ANUAL

O concesionario estará obrigado ao pago do canon anual conforme ao establecido neste prego.

8.2.4. EXPLOTACIÓN DA CONCESIÓN

O concesionario deberá explotar as instalacións e vías obxecto de concesión, garantindo o dereito aos particulares a utilizar o servizo nos termos establecidos nos presentes Pregos ou sinalados con posterioridade por SPI Galicia, cumprindo con todos os parámetros de calidade e seguridade establecidos nos Pregos e nas propostas ofrecidas polo concesionario na súa oferta e segundo as instrucións que lle indique SPI Galicia.

En particular, o concesionario estará suxeito ao cumprimento das seguintes obrigas: (1º) prestar o servizo coa continuidade e nivel pactados, (2º) garantir un nivel de servizo adecuado (3º) informar a SPI Galicia por escrito do volume de usuarios e de venta da área de servizo cando o solicite (4º) propoñer o Director de Explotación para a súa aprobación por SPI Galicia.

O concesionario dende a posta en servizo do obxecto concesional e dende a sinatura do contrato estará obrigado a corrixir de maneira inmediata as situacións puntuais que afecten a seguridade, poñendo a sinalización adecuada ata a realización da actuación correspondente, incluída a execución de calquera tipo de obra nas instalacións e vías obxecto de concesión, polo tanto, o concesionario estará obrigado a manter en todo momento o uso da área en condicións de seguridade.

O concesionario estará obrigado tamén a cumprir coas esixencias que establece o artigo 27.2 da *Lei 37/2015 do 29 de setembro, de estradas*, e a Disposición Adicional 4ª da *Lei 8/2015 do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos*, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, no relativo ás limitacións establecidas cos subministradores de produtos petrolíferos ao por maior que subministren estes produtos ao área de servizo anterior ou posterior no mesmo sentido da vía, ou que superen un determinado porcentaxe de cota de mercado de subministro na provincia, na que se atope a área de servizo.

O concesionario deberá colaborar cos equipos de Protección Civil, Tráfico e Sanitarios no caso de producirse algún accidente.



8.2.5. EXERCER POR SI A CONCESIÓN

O concesionario exercerá por si mesmo a concesión sen que esta poida ser cedida ou traspasada de algunha forma a terceiros máis alá do previsto no presente Prego e na LCSP.

Así mesmo, non alleará ou gravará os bens destinados aos servizos obxecto da concesión nin os destinará a outros fins salvo autorización expresa da SPI Galicia, que a concederá nos casos establecidos na lexislación aplicable.

8.2.6. IGUALDADE NO ACCESO AO SERVIZO E NON DISCRIMINACIÓN A EMPRESAS DOUTROS ESTADOS

O concesionario admitirá a utilización da área de servizo por todo usuario, de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación.

O concesionario deberá tamén respectar o principio de non discriminación por razón de nacionalidade, respecto das empresas de Estados membros de Comunidade Europea ou dos signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, nos contratos de subministro consecuencia da concesión de servizos.

8.2.7. AUTORIZACIÓNS

O concesionario estará obrigado a xestionar o outorgamento de cantas licencias e autorizacións de calquera organismo público ou privado sexan necesarias para a licitación, execución das obras e entrega ao uso o servizo das mesmas, solicitando de SPI Galicia os documentos que para elo sexan necesarios, sen prexuízo da actuación que a esta última lle corresponda. O concesionario informará a SPI Galicia de cantas licencias e autorizacións solicite.

8.2.8. USO E CONSERVACIÓN

O concesionario deberá coidar da correcta aplicación das normas sobre uso e conservación do obxecto de concesión, nos termos do artigo 259 da LCSP.

O concesionario manterá en perfecto estado tanto as instalacións da área de servizo e vías de acceso obxecto de concesión, como os terreos e instalación, dentro das normais condicións de seguridade, pulcritude e coidado estético, cumprindo coas indicacións de SPI Galicia.

O concesionario conservará todas as infraestruturas e equipos, así como o material móbil nun estado idóneo para o correcto funcionamento da área de servizo, levando a cabo as reparacións que sexan necesarias, e de forma que os mesmos cumpran, en todo momento, as regulamentacións técnicas aplicables.

Dende a sinatura do contrato o concesionario farase cargo da conservación e mantemento dos bens de dominio público existentes que forman parte, actualmente, das instalacións e vías obxecto da concesión, debendo adoptar as medidas precisas para garantir unha correcta circulación pola vía.

8.2.9. VIXILANCIA, CONTROL E INSPECCIÓN

A partir do momento de posta en servizo da área de servizo e as súas instalacións e vías de acceso, obxecto da concesión e dende a sinatura do contrato, e ata a extinción da concesión, o concesionario responderá da



vixilancia dos terreos e bens que haxa nos mesmos, coidando especialmente de mantelos libres de intrusionés e non permitindo alteracións de lindes nin que ninguén deposite no terreo residuos ou materiais alleos á concesión.

Ademais, o concesionario facilitará o control e inspección da construción e explotación das obras por SPI Galicia.

O concesionario deberá cumprir os protocolos, informar e seguir os procedementos que a SPI Galicia ten establecidos en caso de incidencias.

8.2.10. CLÁUSULA DE PROGRESO

O concesionario deberá manter a área de servizo de conformidade co que, en cada momento e segundo o progreso da ciencia, dispoña a normativa que resulte de aplicación, técnica, medioambiental, de accesibilidade e eliminación de barreiras, de seguridade ou de calquera outra índole.

Esta cláusula de progreso será aplicable en todo o relativo ao mantemento, conservación e explotación da área de servizo e concretamente aos seguintes aspectos: conservación (tanto ordinaria como extraordinaria), medidas de seguridade, xestión do dominio público viario, coidado medioambiental e, en xeral, calquera tipo de actividade de xestión da área de servizo ou intimamente ligada á mesma que estea sometida a cambios en canto ás esixencias da tecnoloxía ou os medios empregados para levala acabo.

O concesionario queda obrigado a aplicar unha determinada medida cando sexa aprobada pola normativa correspondente, sen que proceda indemnización algunha por parte de SPI Galicia, derivada das cargas económicas inherentes ós traballos de por en práctica a citada medida.

No caso de que, aínda non estando incluída na normativa unha medida concreta, a dita medida sexa esixida de maneira habitual nas novas infraestruturas de características análogas á deste prego, SPI Galicia terá a potestade de esixir ó concesionario a súa aplicación, debendo ser compensada neste caso polos custos incorridos, que en ningún caso poderán ser superiores ós realizados en traballos similares.

8.2.11. CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE SEGURIDADE E SAÚDE E MEDIOAMBIENTAL

O concesionario debera cumprir todas as normas laborais e sociais (incluso as que se promulguen durante a execución das obras e explotación do servizo) e, especificamente, as disposicións contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e demais normativa que resulte de aplicación nesta materia. Deberá cubrir as continxencias de accidentes de traballo e enfermidade profesional, e se fora o caso, o do persoal ao seu servizo, na forma establecida na lexislación vixente.

O concesionario respectará en todo momento a lexislación medioambiental vixente, e comprometerase a respectar as resolucións en materia de prevención ambiental establecidas formalmente.

Igualmente, o concesionario colaborará, na medida das súas posibilidades, nos programas de protección do medio ambiente, aforro enerxético e redución do impacto ambiental vixentes.



8.2.12. CONTROIS

O concesionario estará obrigado a informar a SPI Galicia no prazo máximo de 7 días hábiles sobre calquera aspecto solicitado en relación cos seus estados financeiros, incluíndo un rexistro informático de todo o seu inmovilizado, perfectamente individualizado e valorado, reflexando o importe non amortizado de todos os conceptos que conforme a este prego puideran computarse como responsabilidade patrimonial de SPI Galicia nos distintos supostos de resolución do contrato.

8.2.13. DANOS

O concesionario deberá indemnizar os danos que lle ocasione a terceiros por causa de execución das obras ou da súa explotación, cando lle sexan imputables de acordo co artigo 196 da LCSP.

8.2.14. DOMINIO PÚBLICO

O concesionario protexerá o dominio público que quede vinculado á concesión, en especial preservando os valores ecolóxicos e ambientais do mesmo.

Nas correspondentes fincas rexistras de bens afectos á concesión, procederase a facer constar a afección relativa a súa reversión a favor da Xunta de Galicia, nos termos previstos na lexislación hipotecaria.

8.2.15. IMAXE CORPORATIVA

O concesionario está obrigado a adecuar as instalacións e vías obxecto de concesión e equipos complementarios ás normas de imaxe corporativa e de calquera outro tipo establecidas, ou que eventualmente se establezan por SPI Galicia.

O concesionario deberá editar e difundir un folleto tipo sobre as características do contrato no prazo de dous meses dende a sinatura do mesmo, que será aprobado previamente por SPI Galicia.

O concesionario facilitará á SPI Galicia a documentación e medios necesarios para as actividades divulgativas que, en relación coa concesión, se requiran.

8.2.16. . INFORMACIÓN E COLABORACIÓN CON SPI GALICIA

O concesionario informará a SPI Galicia, por escrito e coa debida antelación, das modificacións que pretenda introducir no servizo, que deberán ser autorizadas, nos termos previstos no presente Prego.

O concesionario, a petición da SPI, facilitará a información relativa a calquera aspecto relacionado co contrato de concesión.

Ademais, o concesionario deberá prestar a colaboración solicitada polas autoridades competentes en materia de tráfico, circulación de vehículos motor e seguridade viaria relativa aos servizos do presente contrato.

8.2.17. PUBLICIDADE

Non se poderá realizar nin explotar publicidade algunha polo concesionario nas instalacións e vías obxecto da presente licitación. Ademais, non se poderá publicar, sen autorización escrita de SPI Galicia, noticias,



reportaxes, debuxos nin fotografías das obras ou da explotación do servizo, nin autorizar a terceiros a súa publicación. A realización, edición, proxección ou explotación directa ou mediante acordos con terceiros de cantos reportaxes fotográficos, audiovisuais e de todo tipo das obras e explotación do servizo por parte do concesionario necesitará igualmente a autorización de SPI Galicia.

Así mesmo, deberase gardar sigilo respecto dos datos e antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e se teña coñecemento dos mesmos con ocasión deste.

8.2.18. PÓLIZA DE SEGUROS

Durante a fase de execución do contrato, o concesionario deberá ter contratadas e manter en vigor as pólizas de seguro recollidas no presente Prego e acreditar a súa constitución presentando a copia auténtica das mesmas e debendo aboar debidamente as primas correspondentes ás mesmas.

Esta obrigação, con idéntico contido, estenderase igualmente ás empresas coas que o adxudicatario subcontrate a realización de calquera parte do obxecto do contrato, estando obrigado a presentar as pólizas correspondentes á dirección do contrato con carácter previo ao inicio das actividades.

8.2.19. SINALIZACIÓN DAS OBRAS.

O concesionario está obrigado a cumprir, durante a execución das obras e das actividades de conservación, a Normativa Vixente.

Tamén estará obrigado o concesionario a instalar os carteis de obra ou traballos de conservación que lle ordene o inspector.

8.2.20. INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓNIS DE SUBROGACIÓN EN CONTRATOS DE TRABALLO

En virtude do artigo 130 da LCSP, cando algunha norma legal, convenio colectivo ou negociación colectiva de eficacia xeral, impoña a obrigação de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, 6 meses antes do remate do contrato o concesionario deberá proporcionar a SPI Galicia os listados do persoal que ostente ese dereito, indicando: o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, antigüidade, vencemento do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores aos que afecte a subrogación, para que SPI Galicia poida a súa vez transmitir á nova empresa a información referida.

8.2.21. INFORMACIÓN SOBRE ALTERACIÓNIS NO RÉXIME NORMAL DE CIRCULACIÓN

Sempre que se leven a cabo obras nas instalación e vías obxecto de concesión ou existan outras circunstancias que poidan producir durante a súa execución alteracións no uso das instalacións, o concesionario deberá informar a SPI Galicia e as autoridades competentes en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, sempre que sexa previsible, cun mínimo de dez días de anticipación. Ademais, informarse aos usuarios coa antelación suficiente, mediante a colocación dos oportunos carteis, que indiquen a situación na área ou estación de servizo anterior.

Os carteis e contidos dos mesmos deberán ter as dimensións adecuadas para resultar lexibles polos condutores dende o interior dos vehículos.



Os medios para a información ao usuario que se implanten cos mencionados fins, deberán ser sometidos á aprobación do inspector de explotación.

8.2.22. EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

A concesión extinguirase polo cumprimento do prazo polo que se outorgou o contrato. O concesionario entregará a SPI Galicia, no momento de finalización da concesión, as instalacións e vías obxecto da concesión en perfecto estado para permitir a continuidade do servizo.

Neste sentido, antes dos tres meses previos á finalización da concesión, realizarase un recoñecemento previo á entrega para a comprobación do estado da área de servizo. Como resultado desta inspección, SPI Galicia esixirá ao concesionario a adopción daquelas medidas que se requiran para a perfecta entrega das instalacións en condicións de absoluta normalidade para a prestación do servizo.

O concesionario fará entrega a SPI Galicia da totalidade das obras e instalacións da área de servizo. Esta medida abrangue non soamente os inmobles por natureza, senón tamén aqueles bens que, aínda sendo susceptibles de traslado sen deterioro do inmovible ao que estean unidos, sexan necesarios para satisfacer as necesidades de explotación.

A garantía non será devolta ao concesionario ata que as instalacións da área de servizo non alcancen o grado de mantemento normal esixido ou ata que non se integren os bens que deben completalas. SPI Galicia poderá aplicar a garantía na reparación dos bens deteriorados ou na adquisición dos indebidamente retirados, devolvendo a diferenza, se a houbese.

8.2.23. OBRIGACIÓNS PREVISTAS NA LCSP E NA NORMATIVA DE APLICACIÓN

Adicionalmente ás obrigacións establecidas no presente Prego, o concesionario deberá cumprir calquera outras previstas na LCSP ou na normativa que resulte de aplicación.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1. FORMA DE EXECUCIÓN.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego e na restante documentación contractual.

9.2. CONDICIÓNS ESPECIAIS E ESENCIAIS DO CONTRATO

En aplicación do artigo 202 da LCSP, recóllense as seguintes condicións especiais que garanten a execución do contrato nos termos pactados, mediante a subscrición dos correspondentes seguros, o reforzo de cuestións en materia ambiental, laboral e de subcontratación, e a adscrición de medios requiridos e ofertados polo licitador.

Son condicións especiais do contrato as seguintes:



- × Adscripción de medios. O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos á execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán a disposición todos aqueles medios persoais e materiais que se recollen na súa oferta (ou substituídos por outros equivalente de conformidade coa dirección de obra, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, e no seu caso, os medios requiridos na folia de especificacións, de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.
- × Seguro a todo risco de construción. O contratista deberá subscribir un seguro a todo risco de construción por unha suma asegurada igual ao importe de adxudicación (IVE excluído), coas condicións establecidas neste prego. Considerarase incumprida esta condición esencial se na data de inicio das obras o dito contrato non está debidamente formalizado e presentado a SPI Galicia.
- × Seguro de responsabilidade civil. O contratista deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil, que deberá ser subscrito antes do inicio das obras e permanecer vixente durante todo o prazo de execución, coas condicións establecidas neste prego. Considerarase incumprida esta condición esencial se na data de inicio das obras o dito contrato non está debidamente formalizado e presentado a SPI Galicia.
- × Póliza de responsabilidade mediambiental. O contratista deberá subscribir un seguro de responsabilidade medioambiental, que deberá ser subscrito, na fase de construción, antes do comezo das obras e, na fase de explotación, antes da posta en servizo das instalacións e deberán permanecer vixentes durante a duración de cada fase coas condicións establecidas neste prego. Considerarase incumprida esta condición esencial se na data de inicio das obras ou da explotación o dito contrato non está debidamente formalizado e presentado a SPI Galicia.
- × Seguro de danos materiais. O contratista deberá subscribir un seguro de danos materiais, que deberá ser subscrito antes da posta en servizo das instalacións e permanecer vixente durante toda a fase de explotación, coas condicións establecidas neste prego. Considerarase incumprida esta condición esencial se na data de inicio da explotación o dito contrato non está debidamente formalizado e presentado a SPI Galicia.
- × Obrigacións de carácter social e laboral. O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:
 - ☒ Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos non inferior ao 20% do total. O adxudicatario controlará o cumprimento desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario a efectos do seu cumprimento.
 - ☒ O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación. Especialmente, e cando cumpra por estar recolleito en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obrigación de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.
 - ☒ Executar a obra cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, considerarase incumprida esta condición esencial do contrato cando, con ocasión de execución do contrato, impuxésense pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves nun período de 5 anos por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumprimento será causa de resolución de conformidade co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia comprometa na súa oferta.



- × Obrigas de carácter ambiental. O adxudicatario executará o contrato cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, entenderase incumplido o contrato de maneira esencial cando con ocasión da súa execución e durante a vixencia do contrato, impuxésense pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves nun prazo de 5 anos por incumprimento da lexislación ambiental e protección do medio ambiente.

Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de acordo co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia comprometa na súa oferta.

- × Obrigacións en materia de subcontratación. O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguinte da LCSP.

Antes de subscribir a acta de comprobación de replanteo verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que deberán contar coa capacidade e aptitude para executar os traballos e que non se atoparán incursos en prohibición de contratar.

En especial verificaranse as obrigacións de información do contratista previstas en o Prego, a efectos de comprobación de pagos por parte do contratista a subcontratistas.

- × Obrigacións en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso de que durante a execución do contrato requirísese o tratamento polo contratista de datos persoais, terán carácter de condicións esenciais do contrato as obrigacións ao respecto establecidas neste prego.
- × Cumprimento dos Principios éticos e regras de conduta previstos neste prego.

9.3. PRINCIPIOS ÉTICOS E REGLAS DE CONDUTA

Os altos cargos, persoal directivo, cargos de mando, cargos administrativos e persoal ao servizo da Administración pública e do seu sector público, que interveñen, directa ou indirectamente, no procedemento de contratación pública están suxeitos ao Código de principios e condutas recomendables na contratación pública e aplicaráselles as súas disposicións de forma transversal a toda actuación que forme parte de calquera fase do procedemento de contratación de acordo co grao de intervención e de responsabilidade nos procedementos contractuais.

A presentación da oferta por parte dos licitadores supoñerá a súa adhesión ao Código de principios e condutas recomendables na contratación pública de acordo cos compromisos éticos e de integridade que forman parte da relación contractual.

Os licitadores, contratistas e subcontratistas asumen as obrigas seguintes:

- ♦ Observar os principios, as normas e os canons éticos propios das actividades, os oficios e/ou as profesións correspondentes ás prestacións obxecto dos contratos.
- ♦ Non realizar accións que poñan en risco o interese público no ámbito do contrato ou das prestacións para licitar.



- ♦ Denunciar as situacións irregulares que poidan presentarse nos procesos de contratación pública ou durante a execución dos contratos.
- ♦ Absterse de realizar condutas que teñan por obxecto ou poidan producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia por exemplo os comportamentos colusorios ou de competencia fraudulenta (ofertas de resguardo, eliminación de ofertas, asignación de mercados, rotación de ofertas, etc.).
- ♦ No momento de presentar a oferta, o licitador debe declarar se ten algunha situación de posible conflito de interese, para os efectos do disposto no artigo 64 da LCSP, ou relación equivalente respecto diso con partes interesadas no proxecto. Se durante a execución do contrato producísese unha situación destas características o contratista ou subcontratista está obrigado a poñelo en coñecemento do Órgano de Contratación.
- ♦ Respetar os acordos e as normas de confidencialidade.
- ♦ Ademais, o contratista deberá colaborar co órgano de contratación nas actuacións que este realice para o seguimento e/ou a avaliación do cumprimento do contrato, particularmente facilitando a información que lle sexa solicitada para estes fins e que a lexislación de transparencia e a normativa de contratos do sector público impoñen aos contratistas en relación coa Administración ou administracións de referencia e o seu sector público, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións de transparencia que lles correspondan de forma directa por previsión legal.

Os licitadores, contratistas e subcontratistas, ou as súas empresas filiais ou vinculadas, comprométense a cumprir rigorosamente a lexislación tributaria, laboral e de seguridade social e, especificamente, a non facer operacións financeiras contrarias á normativa tributaria en países que non teñan normas sobre control de capitais e sexan considerados paraísos fiscais pola Unión Europea.

Todas estas obrigas e compromisos teñen a consideración de condicións especiais de execución do contrato.

9.4. PROTECCIÓN DE DATOS

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar farase con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, e será, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP), e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados ou persoal asignado ao proxecto serán responsables das infraccións que deriven del.

- × Tratamento de datos persoais do licitante ou adxudicatario por parte do órgano de contratación.

Os datos persoais proporcionados polo licitante ou adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas da mesma, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

- × Deber de confidencialidade do licitante ou adxudicatario.

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o secreto profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para



a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- ☒ a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas na mesma;
- ☒ a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;
- ☒ a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- ☒ a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a subministrou; Considerarase información confidencial aquela a a que o adxudicatario acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

× Condición de encargado do tratamento do adxudicatario.

A entidade adxudicataria, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos contratada, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RGPD) polo que deberá dar cumprimento, ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- ☒ Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- ☒ Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- ☒ Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo. - Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último. No caso de que estea permitida a subcontratación segundo o indicado nas condicións deste prego, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao adxudicatario ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o



encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas.

- ☒ Manter o deber de secreto respecto de os datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- ☒ Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaición.
- ☒ Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- ☒ Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.
- ☒ Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra. - Implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
- ☒ Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- ☒ Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- ☒ Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- ☒ Pseudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- ☒ Poñer ao dispor do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, no caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.
- ☒ Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RGPD, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
- ☒ Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, dos datos de carácter persoal e, no seu caso, dos soportes onde consten. A devolución supoñerá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación



9.5. REDACCIÓN, APROBACIÓN DO PROXECTO, REPLANTEO E EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O concesionario está obrigado a executar as obras previstas, con suxeición ao proxecto que sexa aprobado, debendo realizalas de acordo cos prazos establecidos.

O proxecto definitivo de construción das instalacións deberá ser presentado polo adxudicatario dentro dos 60 días posteriores á data de notificación da adxudicación do contrato, para a súa aprobación. Nel deberánse incluír as correccións que no seu caso determine SPI Galicia sobre as deficiencias observadas no proxecto presentado ao concurso.

O inicio das obras efectuarase dentro dos 3 meses naturais posteriores á data de notificación da aprobación definitiva do proxecto, ou da formalización do contrato, se fose posterior, e a finalización non despois dos 12 meses naturais posteriores ao comezo, ou ó prazo indicado no proxecto presentado, se fose inferior, salvo prórrogas xustificadas.

No prazo non superior a un mes desde a aprobación definitiva do proxecto procederase a realizar a comprobación de replanteo das obras feito previamente á licitación, que se practicará polo técnico que SPI Galicia designe, e coa asistencia dun representante do concesionario e persoal técnico do mesmo. Neste acto delimitaranse os terreos que integran a área de servizo, as zonas para ocupar polas instalacións e as súas respectivas medicións, os accesos ás mesmas dentro da área, e os que comuniquen coa autoestrada.

Se do resultado da comprobación se demostra a viabilidade do proxecto e a dispoñibilidade dos terreos, procederase a dar autorización para o inicio, comezando a contar o prazo de execución desde o día seguinte ao da firma do acta de comprobación de replanteo.

Unha vez transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, se estas non se iniciaron por causas non xustificadas a xuízo de SPI Galicia, poderase optar por impoñer a penalización prevista ou á resolución do contrato, coa perda da garantía definitiva. No caso de que o concesionario acredite que non iniciou as obras no prazo establecido porque se lle denegaron, por parte doutros organismos públicos e por causas a el non imputables, os permisos ou autorizacións necesarios, poderá renunciar ao contrato. Se o concesionario non puidese cumprir os prazos establecidos para o remate das obras por causas debidamente xustificadas que non lle fosen imputables, poderá obter unha prórroga sempre que o solicite por escrito con anterioridade ao vencemento do prazo, comprometéndose a cumprir os seus compromisos dentro do devandito prazo.

As obras e instalacións da área de servizo deberán estar rematadas dentro do prazo que se fixou no contrato. Se transcorrido devandito prazo as obras non se terminaron por causas non xustificadas a xuízo de SPI Galicia, poderase proceder a impoñer a penalización prevista e mesmo acordar a resolución do contrato coa incautación da garantía.

Para os efectos indicados entenderase por remate das obras a súa completa realización con suxeición ao proxecto aprobado, de tal xeito que todas as instalacións se atopen en estado da súa inmediata posta en servizo.

O adxudicatario poderá executar as obras directamente ou concertar con terceiros a súa realización. Neste último caso corresponderalle designar os técnicos competentes que haxan de dirixilas, así como de coordinalas en materia de seguridade e saúde, todos os cales deberán ter as titulacións profesionais adecuadas á natureza, complexidade e volume da obra, e deberá achegar a SPI Galicia o correspondente certificado do Colexio profesional respectivo sobre o rexistro do encargo da dirección das obras.

O concesionario e, no seu caso, o contratista co que poida concertarse a realización das obras, os posibles subcontratistas e traballadores autónomos que interveñan na execución destas están obrigados ao cumprimento



das disposicións vixentes en materia de laboral e de seguridade social e ao cumprimento, das disposicións de seguridade e saúde, establecidas no Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro e na Lei 32/2006 reguladora da subcontratación no sector da construción.

9.6. CONTROL E INSPECCIÓN DAS OBRAS.

A dirección facultativa das obras de construción asociadas ó presente contrato correspóndelle ó concesionario.

Con independencia da facultade de facelo SPI Galicia, a Xunta de Galicia mediante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, e calquera outro organismo da Administración que teña competencia, poderán inspeccionar, en todo momento, os traballos obxecto do presente contrato, ao obxecto de verificar que se axustan ao proxecto aprobado, e iso con independencia dos labores de inspección e control que correspondan aos técnicos da dirección facultativa das obras efectuadas polo concesionario tanto directamente como a través de terceiros. Se se apreciase a existencia de desviacións en relación co proxecto, comunicarase ao adxudicatario da concesión e SPI Galicia poderá paralizar as obras ata que se emenden os defectos observados.

9.7. MODIFICACIÓNS DOS PROXECTOS E DAS OBRAS

Tan só poderán aprobarse modificacións dos proxectos e das obras nos termos establecidos no artigos 255 e 262 da LCSP.

9.8. GASTOS ESIXIBLES AO CONCESIONARIO

Os gastos que se orixinen pola comprobación de replanteo, recoñecemento, inspección e vixilancia das obras de construción das instalacións, licencias e taxas municipais, impostos de construción e todos os dereitos de acometida ós servizos públicos incluíndo todas as legalización de instalacións, así como pola súa explotación serán por conta do concesionario.

9.9. APROVEITAMENTO DE MATERIAIS, MANANCAIS E OBXECTOS ATOPADOS DURANTE A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

O concesionario non gozará de ningún dereito sobre as augas que nacesen como consecuencia dos traballos, se ben, poderá servirse delas para as necesidades do contrato, abandonando o resto que baixo ningún concepto poderá explotar separadamente, por ser bens de dominio público.

Tampouco poderá esixir o dereito de explotación das minas ou materiais que como consecuencia dos traballos aparecen. Non obstante, poderá o concesionario servirse daqueles minerais ou rochas - de acordo coa nomenclatura da Lei de minas - que directamente satisfagan as necesidades dos traballos, sempre que se atopen en terreos de dominio público.

O concesionario terá a obriga de tomar, para extraer as antigüidades e obxectos de arte que puidesen atoparse, tódalas precaucións que procedan, mantendo o seu dereito a ser indemnizado polo exceso de gastos que estes traballos lle ocasionen. Todo isto sen prexuízo de cumprir coas disposicións legais especiais vixentes sobre estes traballos.



9.10. LIBRO DE INCIDENCIAS

O concesionario manterá permanentemente nas oficinas de obra un Libro de Incidencias a disposición do Inspector da Concesión, para que faga constar as observacións que estime pertinentes, momento dende o cal se presumirá o total coñecemento por parte do concesionario.

Unicamente poderá realizar anotacións no Libro o Inspector ou as persoas por el designadas mediante comunicación previa ó concesionario.

O Libro de Incidencias constará de follas numeradas, e seladas por SPI Galicia, e será aberto mediante dilixencia dun representante desta.

9.11. REUNIÓN DE SEGUIMIENTO DAS OBRAS

O Inspector designado por SPI Galicia poderá convocar as oportunas reunións para o seguimento da execución das obras, onde deberá participar a Dirección Facultativa designada polo Concesionario e o persoal técnico do control e vixilancia que se considere conveniente.

Das ditas reunións levantarase Acta onde se recollerán os acordos, instrucións e ordes correspondentes.

9.12. RESOLUCIÓN DE DIFERENCIAS DURANTE AS OBRAS

No caso de que o Inspector detecte que as obras non se están executando de conformidade co proxecto aprobado, abrírase un expediente preliminar que reflicta estas circunstancias, identificando a obra desconforme e o responsable dela, así coma o seguimento de tódalas circunstancias ata o peche da desconformidade.

Unha vez aberto o expediente, o Inspector acordará as medidas correctoras pertinentes e o prazo de implantación das mesas, que deberán documentarse adecuadamente antes da súa realización. Unha vez o Inspector considere que as deficiencias foron subsanadas satisfactoriamente, retirará a súa desconformidade pechando o expediente.

Este expediente poderá derivar na correspondente penalización ó concesionario.

Mentres non se resolva a desconformidade, as unidades de obra afectadas non poderán seguir a súa construción nin poñerse en servizo, computando o prazo no que estea interrompida a obra a efectos dos prazos de finalización, parcial ou total.

9.13. AUTORIZACIÓN DE POSTA EN SERVIZO

Unha vez comprobado que as obras e instalacións executadas se axustan aos proxectos e demais especificacións técnicas, así como verificadas as condicións relativas á explotación dos servizos indicados nos Pregos e redactada o acta correspondente, procederase a autorizar a súa posta en servizo.

No caso de que as obras, instalacións ou medios resultasen incompletas ou defectuosas, e sen prexuízo das penalidades que sexan aplicables por incumprimento do contrato, SPI Galicia poderá sinalar un novo prazo para a súa terminación ou, no seu caso, a dotación dos medios necesarios para a explotación ou ben autorizar a posta en servizo das obras ou instalacións de que se trate, no caso de que estes puidesen ser entregados ao uso público. Neste caso, na resolución que autorice a posta en servizo sinalaranse os prazos límites outorgados par completar



ou emendar as obras, instalacións ou dotación de medios, indicando as posibles sancións que puideran corresponder se se reiterasen incumprimentos, incluída a posible caducidade da concesión.

Tamén se poderá conceder prórroga cando razóns debidamente xustificadas a xuízo de SPI Galicia impidan ao concesionario levar a cabo algunhas instalacións da área de Servizo. Neste caso o importe de canon reducirase proporcionalmente ao importe do investimento non realizado en relación co importe total presupostado no proxecto de construción da Área de Servizo.

A data de autorización da posta en servizo, total ou parcial, tomarase como inicial no cómputo de tempo para todos os efectos dependentes dun termo ou prazo fixado desde entón e en particular do deveción do canon concesional.

9.14. EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS

9.14.1. DESTINO DAS OBRAS E INSTALACIÓNS.

O dominio público ocupado pola área de servizo e as obras nel executadas destinarase aos usos ou finalidades indicadas no proxecto aprobado pola Administración non podendo dedicarse a outros diferentes daqueles.

Tanto o uso das instalacións, aseos, aparcadoiros así como das zonas para descanso e xogos infantís será libre e gratuíto, sen prexuízo da súa suxeición ás normas aplicables sobre circulación e seguridade.

9.14.2. XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS.

Corresponde ao concesionario a xestión da explotación dos distintos servizos que se presten por medio das instalacións construídas. O concesionario poderá subcontratar os servizos accesorios, por prazo non superior ao da concesión e de acordo co previsto na LCSP.

Os contratos celebrados para a explotación de prestacións accesorias non poderán restrinxir nin vulnerar, directa ou indirectamente, as cláusulas deste prego, nin o de cláusulas de explotación. Estes contratos deberán ser notificados ao órgano de contratación e autorizados por este.

9.14.3. CONSERVACIÓN E VIXILANCIA

Corresponde ao concesionario conservar e manter en perfecto estado todos os elementos funcionais da área e a coidar da boa orde e funcionamento dos servizos.

Así mesmo, está obrigado a manter en perfecto estado as instalacións e obras realizadas na área de servizo.

9.15. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DE SPI-GALICIA

A Responsabilidade patrimonial de SPI Galicia quedará limitada convencionalmente á cantidade prevista para o custe das obras na proposición presentada polo concesionario, modificada, no seu caso, polas variacións que se produzan por modificacións debidamente aprobadas, e reducida, no seu caso, na porcentaxe indicada polo concesionario na súa oferta.



9.16. PENALIDADES

O incumprimento por causas imputables o concesionario de calquera prazo ou obriga establecida no contrato suporá a imposición de penalizacións que deberán ser aboadas polo concesionario nun prazo máximo de un mes, podendo noutro caso SPI Galicia proceder contra a garantía definitiva constituída polo Concesionario, sen prexuízo de calquera outra acción que fose procedente.

Non se considerará eximido o concesionario de responsabilidade nos casos nos que os incumprimentos sexan consecuencia das incidencias dos contratos que celebre con terceiras persoas.

9.16.1. PENALIZACIÓNS NA FASE DE CONSTRUCCIÓN

Durante o período de construción por causas imputables ao concesionario serán obxecto de penalización os seguintes incumprimentos:

a) Leves.

Agás que se indique outra cousa de xeito específico, os incumprimentos de carácter leve serán penalizados mediante a imposición de penalidades económicas por importe do 0,01% do orzamento total das obras por cada día no que o dito incumprimento se produza en non sexa corrixido.

Consideraranse de carácter leve os seguinte incumprimentos:

- Atraso nos prazos de inicio das obras.
- Atraso nos prazos de remate das obras.
- Deficiencias e/ou atrasos na información.

Este incumprimento xerará a aplicación de penalizacións diarias do 0,004% do orzamento total das obras se afectase ós aparcadoiros ou subministro de combustibles, de outro 0,004% se afectase a cafetería e do 0,002% se afectase a outras instalacións.

No caso de que este incumprimento impida a posta en servizo parcial ou total das instalacións, será de aplicación a penalización correspondente de carácter grave en lugar desta.

- Deficiencias na calidade da obra executada.

No caso de detectarse calquera deficiencia na execución das obras, independentemente da obriga do concesionario da súa corrección, imponse unha penalización inicial do 1% do importe total da partida afectada pola deficiencia, que, transcorridas 2 semanas dende que SPI Galicia ordene a súa corrección, verase incrementada nun 0,5% do importe da partida por cada semana de demora no seu arranxo.

- Calquera outro incumprimento de obrigacións ou prazos sinalados nos pregos e das instrucións da dirección facultativa das obras ou dos responsables do contrato por SPI Galicia.

b) Graves

Agás que se indique outra cousa de xeito específico, os incumprimentos de carácter grave serán penalizados mediante a imposición de penalidades económicas por importe do 0,02% do orzamento total das obras por cada día no que o dito incumprimento se produza en non sexa corrixido.

Consideraranse de carácter grave os seguinte incumprimentos:

- Atraso na posta de servizo das instalacións.



Este incumprimento xerará a aplicación de penalizacións diarias do 0,008% do orzamento total das obras se afectase ós aparcadoiros ou subministro de combustibles, de outro 0,008% se afectase a cafetería e de outro 0,004% se afectase a outras instalacións.

Con independencia das penalizacións indicadas, imporanse multas coercitivas de 3.000 € diarios cando o concesionario persista no incumprimento das súas obrigas, sempre que fose requirido previamente e non as cumprise no prazo fixado.

O límite máximo das penalidades impostas nesta fase será do 10% do orzamento total das obras. No caso de acadarse este importe máximo SPI Galicia poderá decidir o secuestro temporal ou o rescate da concesión

9.16.2. PENALIZACIÓNS NA FASE DE EXPLOTACIÓN

Durante o período de explotación serán obxecto de penalización, por causas imputables ao concesionario os seguintes incumprimentos:

a) Leves

Agás que se indique outra cousa de xeito específico, os incumprimentos de carácter leve serán penalizados mediante a imposición de penalidades económicas por importe do 0,02% dos ingresos obtidos pola explotación da área de servizo durante o ano anterior, por cada día no que o dito incumprimento se produza en non sexa corrixido.

Consideraranse de carácter leve os seguinte incumprimentos:

- Neglixencia na conservación ou policía dos elementos integrantes das obras e instalacións realizadas na área de servizo.
- Interrupción puntual (total ou parcial) de calquera dos servizos ao usuario (repostaxe convencional e de vehículos eléctricos, aseos, duchas, sala de lactación) sen xustificación ou sen a previa autorización de SPI. A este respecto, considerarase puntual cando se constate que o incumprimento produciuse non máis de un día nun mes.
- Incumprimento puntual dos horarios mínimos (os indicados no prego ou ampliados na oferta do concesionario) de apertura ó público de calquera das instalacións da área, sen autorización previa de SPI Galicia. A este respecto, considerarase puntual cando se constate que o incumprimento produciuse non máis de un día nun mes.
- Atrasos inxustificadas na execución das obras de conservación, respecto ó sinalado no Plan de Conservación anual presentado.
- Calquera outro incumprimento inxustificado de obrigas ou prazos sinalados nos pregos ou impostos por resolucións administrativas ou das instrucións dos responsables do contrato por SPI Galicia.
- Deficiencias e/ou atrasos na información proporcionada a SPI Galicia, en particular:
 - (i) Documento EDICOE (6 meses tras a posta en servizo)
 - (ii) Informe anual de conservación (antes do 1 de maio do ano seguinte)
 - (iii) Informe mensual das reclamacións presentadas polos usuarios (antes do día 15 do mes seguinte)
 - (iv) Plan de Conservación anual (antes do 1 de xaneiro de cada ano)
 - (v) Informe anual de resultados da explotación (antes do 1 de xullo do ano seguinte)
 - (vi) Resumen mensual de resultados da explotación (antes do día 15 do mes seguinte)

b) Graves



Agás que se indique outra cousa de xeito específico, os incumprimentos de carácter grave serán penalizados mediante a imposición de penalidades económicas por importe do 0,04% dos ingresos obtidos pola explotación da área de servizo durante o ano anterior, por cada día no que o dito incumprimento se produza en non sexa corrixido.

Consideraranse de carácter grave os seguinte incumprimentos:

- Interrupción reiterada (total ou parcial) de calquera dos servizos ao usuario sen xustificación ou sen a previa autorización de SPI (repostaxe convencional e de vehículos eléctricos, aseos, duchas, sala de lactación). A este respecto, considerarase reiterado cando se constate que o incumprimento produciuse máis de un día nun mes. A penalidade a impoñer será proporcional ó número de días no que se detecte o incumprimento.
- Incumprimento reiterado dos horarios mínimos (os indicados no prego ou ampliados na oferta do concesionario) de apertura ó público de calquera das instalacións da área, sen autorización previa de SPI Galicia. A estes efectos, considerarase que o incumprimento é reiterado cando se produza máis de un día por mes. A penalidade a impoñer será proporcional ó número de días no que se detecte o incumprimento.
- Neglixencia na prestación dos servizos ao usuario e das normas sobre reclamacións e queixas.
- Comercialización e venda de produtos non autorizados polo contrato e cobramento ao usuario de cantidades superiores ás legalmente autorizadas.
- Non presentación da documentación relativa ó contrato, en particular:
 - (i) Documento EDICOE (1 ano tras a posta en servizo)
 - (ii) Informe anual de conservación (antes do 31 de decembro do ano seguinte)
 - (iii) Informe mensual das reclamacións presentadas polos usuarios (antes do remate do mes seguinte)
 - (iv) Plan de Conservación anual (antes do 30 de abril de cada ano)
 - (v) Informe anual de resultados da explotación (antes do 31 de decembro do ano seguinte)
 - (vi) Resumen mensual de resultados da explotación (dentro dos dous meses posteriores a data establecida para a súa entrega)
- Incumprimento das normas de Seguridade e Saúde, así como das normas en materia de Accesibilidade.
- O incumprimento das condicións especiais de execución.

Con independencia das penalizacións indicadas, imporanse multas coercitivas de 3.000 € diarios cando o concesionario persista no incumprimento das súas obrigas, sempre que fose requirido previamente e non as cumprise no prazo fixado.

O límite máximo anual das penalidades impostas nesta fase será do 20% dos ingresos obtidos pola explotación da área de servizo durante o ano anterior. No caso de acadarse este importe máximo SPI Galicia poderá decidir o secuestro temporal ou o rescate da concesión

9.17. ADOPCIÓN DE MEDIDAS POR PARTE DE SPI GALICIA

Con independencia das penalidades a que houbese lugar, conforme ao establecido nas cláusulas anteriores, a demora por parte do concesionario en remediar as situacións derivadas dos seus incumprimentos facultará a SPI en calquera momento para a adopción das medidas pertinentes destinadas a emendar as deficiencias e, no caso de que das devanditas medidas se derivasen gastos, repercutir os mesmos ó concesionario mediante a emisión



das correspondentes facturas, e a proceder contra as garantías correspondentes no caso de que a dita obriga económica non sexa satisfeita nun prazo máximo de 3 meses, así como á resolución do contrato.

9.18. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

A concesión extinguirase polo transcurso do prazo ou por resolución.

Serán causas de resolución do contrato as previstas nos artigos 319 e 279 da LCSP, no presente prego, e calquera outra causa de extinción establecida na lexislación vixente. Así mesmo, as ditas causas de resolución serán aplicadas de acordo co establecido no artigo 280 da LCSP.

En particular, serán causas de resolución do contrato:

- ✖ O impago do canon concesional anual. Esta causa producirase cando pase un ano da data límite de liquidación do mesmo establecida neste prego.
- ✖ A imposición de penalidades por importe igual do 10% do orzamento de inversión, na fase de construción, ou do 20% dos ingresos durante o ano anterior, na fase de explotación, nos termos indicados no artigo 263 da LCSP e neste prego.
- ✖ Atrasos inxustificables para o inicio ou remate e posta en servizo das obras, segundo o establecido neste prego, sendo en todo caso causa de resolución que os atrasos superen os 6 meses.
- ✖ O incumprimento de calquera das condicións especiais de execución do contrato que figuran neste prego.



ANEXO I)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apelidos: NIF:

Teléfono: Fax: Enderezo electrónico:

Domicilio social:

(en caso de actuar en representación):

NIF: Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares ou, no seu caso, proxecto, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.
- Que se cumpren os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que esixen os artigos 65 e 84 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP), que a sociedade está validamente constituída e que conforme ao seu obxecto social pode presentarse á licitación e conta coa personalidade xurídica, e, no seu caso, a representación, necesaria para contratar coa administración, segundo o indicado no apartado 3.8.2 deste PCAP.
- Que ostento poder bastante para representar á entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).
- Que a entidade á que represento é unha microempresa, ou pequena ou mediana empresa, segundo o establecido na Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124 de 20.5.2003 p.36)

☐ Si

☐ **Microempresa** (empresa que conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 2 millóns de €)

☐ **Pequena empresa** (empresa que conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 10 millóns de €)

☐ **Mediana empresa** (empresa que non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 50 millóns de € ou cuxo balance total anual non excede de 43 millóns de €)

☐ Non

- Que a entidade conta coa solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional, ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato de acordo co esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que a entidade se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais



suficientes para este fin segundo o esixido neste PCAP.

- Que no suposto de ser proposta como adxudicataria do contrato a entidade acreditará, previo requirimento do órgano de contratación, a posesión e validez dos documentos esixidos segundo o artigo 150.2 da LCSP e o presente PCAP.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incurso en suposto algún aos que se refire o artigo 71 LCSP
- Que non forma parte dos órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 do 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto a estes últimos, a ditas persoas ostenten a súa representación legal)
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes
- Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes
- Que a entidade en relación ao Imposto de Actividades Económicas atópase nalgunha das situacións seguintes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido:
 - ☐ Na situación de alta e ao corrente no seu abono
 - ☐ Na situación de alta e en situación de exención de conformidade co artigo 82.1 apartados b), c), e) e f) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais
- Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores ao que continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto de os requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.
 - ♦ Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado (nº _____)
 - ♦ Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)
- Os datos desta empresa anotados no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - ☐ Non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado do Rexistro.
 - ☐ Sufriron variación nos aspectos que a continuación se indican segundo acredítase mediante os documentos que se anexan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro

.....
- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda)::



- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
- Pertence ao grupo de empresas..... ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b)etc.

A empresa....., de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral de lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

No caso de unión temporal de empresas deberán indicar, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, dirección, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS

Autorizo a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante.

3. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao amparo do disposto no artigo 133.1 da LCSP désígnase como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....

Motivación:

.....

4. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG nº 179, do 19 de setembro).

5. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (SÓ PARA EMPRESARIOS ESTRANXEIROS)

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me puidera corresponder.

Lugar e data

Sinatura



ANEXO II)

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA

Don/dona.....,con domicilio social en, provincia de, rúa, número e DNI número, en nome (propio), (ou da empresa que representa) e CIF, decatado/a de o anuncio publicado o día de de e das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación do contrato de comprométese a tomar ao seu cargo a execución do mesmo, con estrita suxeición aos expresados requisitos e condicións, polas cantidades que se enumeran a continuación:

CONCEPTO	CANTIDADE EN LETRA (CANTIDADE EN NÚMERO)
Canon anual:	Importe (€)
Responsabilidade patrimonial de SPI Galicia:	Porcentaxe de redución (%)
Horas diarias servizo de repostaxe:	Horas totais diarias (h.)
Horas diarias servizo de cafetería	Horas totais diarias (h.)

Lugar, data e sinatura

(Persoa con poder bastante para facelo)



ANEXO III)

MODELO DE ACREDITACIÓN DA EXPERIENCIA ESIXIDA NA SOLVENCIA TÉCNICA

Don/dona....., con domicilio social na provincia de.....,
rúa..... nº, e DNI nº, en relación co persoal previsto no prego de cláusulas
administrativas particulares que rexe a presente contratación administrativa, declaro que a experiencia requirida
para acreditar a solvencia técnica ou profesional é a que se menciona no seguinte cadro:

Nome e apelidos	Titulación (denominación e ano de expedición)	Experiencia			Observacións
		Denominación da obra	Data inicio (día/mes/ano)	Data finalización (día/mes/ano)	

Lugar, data e sinatura



ANEXO IV)

MODELO DE ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (ARQUIVO ELECTRÓNICO OU SOBRE B)

Don/dona, en nome propio ou en representación da empresa
....., con domicilio social na provincia de....., rúa..... nº
...., e DNI nº, en relación co procedemento convocado para a realización do
contrato....., visto o disposto
no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente contratación administrativa, declaro que a
proposición técnica recolle os seguintes documentos debidamente asinados:

- ✕ Proxecto de construción
- ✕ Contía de tarifas e servizos
- ✕ Plan de execución das obras
- ✕ Actuacións medioambientais
- ✕ Calidade e control das obras
- ✕ Medidas para o impulso demográfico

Lugar, data e sinatura



ANEXO V)

MODELO DE AVAL DEFINITIVO

A Entidade e no seu nome e representación, en calidade de e segundo as facultades resultantes da escritura de poder, outorgada ante o notario de don/dona con data do, número do seu protocolo e que afirman atoparse integramente subsistentes, constitúese avalista fiador solidario da empresa en interese e beneficio de SPI Galicia, S.A. pola suma de euros, para efectos de garantir o exacto cumprimento pola empresa antes mencionada de todas e cada unha das obrigacións concretas no correspondente contrato de xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx .

O indicado aval é prestado pola Entidade con expresa e formal renuncia dos beneficios de excusión, división, orde e calquera outro que poida ser de aplicación, e para o efecto a Entidade declara que quere obrigarse e obrigácese conxunta e solidariamente coa compañía, a pagar con carácter incondicional ao primeiro requirimento e dentro, como máximo, dos oito días seguintes a ser requirido, a suma ou sumas que, ata a concorrencia da cantidade afianzada de euros exprésase no requirimento, renunciando a Entidade expresa e solemnemente, a toda excepción ou reserva en canto ao libramento das cantidades que lle fosen reclamadas, calquera que fose a causa ou motivo en que estas puidesen fundamentarse, e aínda que se manifeste oposición ou reclamación por parte de ou de terceiros, quenquera que fose.

O presente aval estará en vigor ata que a SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.A. ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para iso, autorice expresamente a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.



ANEXO VI)

ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

- a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren rexistradas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresa Clasificadas do Estado (Rolece) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 341.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope rexistrada no Rolece ou no RXCG, ao seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar rexistrados nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser fornecidos, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están rexistrados e actualizados e cales non están rexistrados ou, de estalo, non están actualizados, no seu caso concreto.

- b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá esixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir aos licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [Rolece ou RXCG].

Parte I.

Recole a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II.

Recole información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren rexistradas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure rexistrada neles ou que, aínda estando rexistrada, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar rexistrados e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figurar en poder do Rolece ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar rexistrados no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.



Sección	É un dato/información susceptible de estar rexistrado no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresa españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	



Se é o caso, figura o operador económico rexistrado nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? En caso afirmativo: Rexistro en que está rexistrado e número de inscrición Certificación en formato electrónico Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A ,B, C ou D, segundo proceda. Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigacións coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente? Dispoñible en formato electrónico	Si () Non () Non procede () () Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS Si () Non () Si () Non () Poñer dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
Forma de participación.	
Está a participar o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si () Non ()
En caso afirmativo b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.	Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa. No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar: () Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia



Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
Representación Nome e apelidos: Cargo: Dirección postal: Teléfono: Enderezo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...)	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótase que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modifica a regulación desta materia na LCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 70 e 71 e creando «ex novo» o artigo 73 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no *Rolece e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa a a parte III do DEUC

Parte III, nº de sección	DN	Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).



Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeneral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se e afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadoras poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, é dicir, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Neste caso bastará responder SI ou NON no punto titulado “Indicación global relativa a todos os criterios de selección” e queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

- A. Idoneidade
- B. Solvencia económica e financeira
- C. Capacidade técnica e profesional
- D. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren rexistradas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure rexistrada ou que, aínda estando rexistrada, esta non conste de maneira actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do Rolece e do RXCG, que información ou datos poderían estar rexistrados e cales non.

Parte IV. Criterios de selección



Sección	É un dato/información susceptible de estar rexistrado no Rolece?
A [«Indicación (...)»].	
A [«Idoneidade»].	
Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento?	Non está no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a unha determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no Rolece, cando conforme a lexislación nacional, requírase unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o número de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no Rolece.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o número de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no Rolece, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscrites, indicados na pregunta anterior)
Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no Rolece.
En relación cos cocientes financeiros que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real dos cocientes requiridos é o seguinte...	Non está no Rolece, pero todos os cocientes financeiros son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscrites).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no*Rolece.

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.



ANEXO VII)

LISTA DE PRODUTOS MÍNIMOS DE CAFETERÍA

Os produtos e servizos relacionados neste apartado deberán estar á venda na cafetería da área de servizo, debendo os licitantes indicar as tarifas máximas de venda que terá cada un deles.

Os prezos establecidos consideraranse en barra, podendo sufrir un incremento por servizo en mesa, que deberá ser indicado na oferta.

Ademais os licitantes poderán incluír produtos ou servizos adicionais de utilidade para os usuarios da área de servizo, sempre que non estean prohibidos pola lexislación vixente.

Tanto os posibles produtos adicionais coma as tarifas de tódolos produtos serán obxecto de valoración no procedemento de adxudicación do contrato.

Estes prezos máximos deberán estar expostos de xeito permanente en lugar visible para os usuarios.

O concesionario poderá modificar os prezos máximos establecidos para cada un dos anteriores produtos e servizos, sempre previa autorización de SPI Galicia, para o cal deberá presentar unha proposta xustificada.

Igualmente a inclusión de novos produtos ou servizos deberá ser autorizada por SPI Galicia, para o cal o concesionario deberá realizar a correspondente proposta xustificada.

- Bebidas quentes
 - Café, so, cortado ou con leite
 - Café con leite (almorzo)
 - Descafeinado con leite
 - Descafeinado con leite dobre
 - Infusións
 - Vaso de leite
 - Chocolate
 - Leite con cacao

Deberán existir, polo menos, unha alternativa sen lactosa e outra vegana (soia, avena,.....) para o leite empregado nas bebidas que o leven.

- Bolería e unturas
 - Croissant
 - Bolo de leite
 - Magdalena
 - Caracola
 - Donut
 - Manteiga
 - Marmelada
 - Churros
 - Torradas
- Refrescos
 - Refresco de cola en botella de 20 cl.



- Refrescos de laranxa, limón, tónica,... en botella de 20 cl.
- Auga mineral, 1/3
- Auga mineral, 500 cl.
- Auga mineral, 1,5 l.
- Zume en botellín
- Zume de laranxa natural
- Batidos
- Mosto
- Refresco en lata de 33 cl.
- Cana de cervexa
- Cervexa en botellín, 20 cl.
- Bocadoillos (enteiros ou medios; 80 gr. / 40 gr.)
 - Xamón iorke
 - Chourizo
 - Queixo
 - Tortilla francesa/española
 - Xamón serrano
 - Atún
 - Vexetal
- Sándwiches
 - Queixo
 - Xamón iorke e queixo
 - Xamón serrano e queixo
 - Vexetal

Entre os bocadoillos e sándwiches deberán existir, polo menos, unha opción vegana.

Agás outra indicación específica tódolos produtos sinalados deben estar dispoñibles durante todo o horario mínimo establecido de apertura ó público.

En ningún caso poderán venderse ou subministrarse nos locais ou instalacións das áreas de servizo bebidas alcohólicas de gradación superior a vinte graos (20º).

